



CIRCULAR 96 – 2022

XV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA (INVERNO)

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1). O día 26 de novembro a FGA coa colaboración do Concello de A Pobra do Caramiñal, celebrará o Campionato Xunta de Galicia de marcha en pista, na pista de atletismo de A Pobra do Caramiñal.

Art.2) Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas con licenza pola FGA aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA [web da R.F.E.A \(ligazón\)](#) ata as **20:00 horas do luns 21 de novembro do 2022**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

Art.4) O horario (provisional) e distancias do Campionato é o seguinte

HORARIO PROVISIONAL DO CTO. XUNTA DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA DE INVERNO			
HORA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO
10:45	1.000m	Sub 10	H-M
10:55	2.000m	Sub 12	H
11:10	2.000m	Sub 12	M
11:25	2.000m	Sub 14	H
11:45	2.000m	Sub 14	M
12:00	3.000m	Sub 16	M
12:25	5.000m	Abs (Sub 16 e superiores)	H
13:00	5.000m	Abs (Sub 18 e superiores)	M

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados das categorías Sub10, Sub12, Sub14, Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, Absoluta e as diferentes categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descalificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7). Os/As atletas deberán pasar por cámara de chamadas (o horario da cámara de chamadas será publicado co horario definitivo do campionato). A saída a pista terá que ser realizada coa camiseta xa posta



Art.8). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 2 de novembro de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo